



ANUNCIO

Delegacións de Alcaldía en tenentes de alcaldesa e concelleiros

Faise pública a Resolución da Alcaldía núm. 999/2023 de data 07/07/2023, que se transcribe literalmente:

“RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: DELEGACIÓN DE ALCALDÍA EN TENENTES DE ALCALDE E RESTO DE CONCELEIROS.

A vista das eleccións locais celebradas o 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023 resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

Considerando o disposto no artigo 21 e 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 43, 46 e 121 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No uso das atribucións legalmente conferidas, RESOLVO:

PRIMEIRO. - Outorgar as delegacións xenéricas que se sinalan aos seguintes concelleiros:

- A Dna. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa - presidente: Persoal e Facenda.
- A D. Víctor Manuel Muiño Ramos, primeiro tenente de alcaldesa: Medio Rural, Medio Ambiente, Servizo de Augas e Parque Empresarial.
- A Dna. María José Pose Pérez, segunda tenente de alcaldesa: Benestar social, Sanidade, Igualdade e Atención Cidadá.
- A D. Miguel Ángel Pérez Méndez, terceiro tenente de alcaldesa: Obras, Urbanismo, Servizo de Iluminación e Parque Móbil.
- A Dna. Rosa Blanco Lema, cuarta tenente de alcaldesa: Cultura, Patrimonio e Biblioteca.
- A D. Mario Andújar Mouzo, concelleiro: Ensino, Formación, Emprego, Edificios Municipais e Policía Local.
- A D. Sergio Miñones Oanes, concelleiro: Deportes, Mocidade e Festexos.
- A D. Manuel Pose Tomé, concelleiro: Ornato Municipal, Protección Civil e Hostelería.
- A D.^a Beatriz Pazos Nimo, concelleira: Promoción Económica, Turismo, Comercio e Asociacionismo.
- A D.^a Josefa Campos Villar, concelleira: Terceira Idade, Familia, Mercados e Consumo.

A delegación xenérica comprende a dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delega, pero sen capacidade resolutiva mediante actos administrativos que afectan a terceiros.



SEGUNDO. - Dar conta ó Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre, notificarlla ós interesados, e publicala no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da presente resolución.

TERCEIRO. - Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido do presente decreto.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juiz''

O que asino en Vimianzo, o 4 de agosto de 2023

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)